


OPTATIVAS EN 4º DE ESO



BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Os contidos xiran en torno a tres núcleos temáticos:

- Un primeiro núcleo temático dedícase ao estudio da Terra: A historia da Terra, a súa orixe, as placas litosféricas e a tectónica de placas e as súas manifestacións(volcáns, terremotos, formación de cordilleiras)
- Un segundo núcleo xira en torno á vida e a súa evolución. Estúdase a célula, ADN, herdanza de caracteres, xenética humana, orixe e evolución dos seres vivos.
- O terceiro núcleo xira en torno ao estudio dos ecosistemas: relacións tróficas, ciclos da materia e da enerxía, impactos humanos sobre o medio....)

Metodoloxía para Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO

Baseándose no libro de texto, a profesora exporá e explicará na clase os conceptos básicos de cada unidade.

A metodoloxía usada debe favorecer a participación, a investigación e a resolución de problemas reais por parte dos alumnos/as.

É importante que, sempre que sexa posible, se fagan proxectos de investigación, nos que as TIC son unha ferramenta fundamental.

Faranse prácticas de laboratorio, visualización de documentais...



CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

A materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de aplicar en cuestións prácticas, cotiás e próximas os coñecementos adquiridos ao longo dos cursos anteriores en disciplinas como Química, Bioloxía ou Xeoloxía. Esta materia vaille achegar unha formación experimental básica e vai contribuír á adquisición dunha disciplina de traballo no laboratorio, respectando as normas de seguridade e hixiene, e valorando a importancia de utilizar os equipamentos de protección persoal necesarios en cada caso. Asemade, esta materia proporciona unha orientación xeral aos/ás estudantes sobre os métodos prácticos da ciencia, as súas aplicacións á actividade profesional, os impactos ambientais que leva consigo, así como operacións básicas de laboratorio relacionadas.

Esta formación achegaralles unha base moi importante para abordaren en mellores condicións os estudos de formación profesional nas familias profesionais Agraria, de Industrias Alimentarias, de Química, de Sanidade, de Vidro e Cerámica, etc.

Os contidos preséntanse en catro bloques.

Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas

Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental

Bloque 3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)

Bloque 4. Proxecto de investigación



ECONOMÍA

- Averigua como funcionan los mercados a través de la oferta y demanda de productos.
- Conoce las distintas clases de empresas y su funcionamiento.
- Descubre cuáles son las causas del desempleo y la realidad del mundo laboral.
- Interpreta los distintos ingresos y gastos del estado.
- Analiza el funcionamiento del comercio internacional y las relaciones con la Unión Europea.
- Descubre las distintas clases de dinero y cómo funcionan los mercados financieros.



FILOSOFÍA

A materia de Filosofía ten como obxectivo contribuír a dotar ao alumnado dunha capacidade básica de comprensión, arrincando da propia experiencia humana, das vivencias e das inquedanzas e interrogantes que ela mesma suscita. Debe catapultar ao alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que poida servir para desenvolverse como persoa e como cidadán, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio. Os seus contidos estrutúranse en seis bloques: A filosofía, A personalidade, A socialización, O pensamento, A realidade e as cuestión metafísicas. Contidos que cunha metodoloxía activa, potenciarán a capacidade de reflexión e análise crítica do alumno.



INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREDEDORA E EMPRESARIAL

- Reflexiona sobre tu proyecto profesional y acércate al mundo del trabajo y de la Seguridad Social.
- Conoce los riesgos laborales y los medios para evitarlos. Aprende a aplicar medidas de primeros auxilios.
- Conoce las empresas, sus clases y los requisitos para su creación. Averigua cómo funcionan y las actividades que realizan. Analiza sus cuentas y liquida sus impuestos.



VALORES ÉTICOS

A materia Valores Éticos dende 1º ESO ata 4º ESO forma parte dunha secuencia e non pode tomarse de maneira completamente illada. Ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. O proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal .

O currículo da materia está estruturado en **seis bloques temáticos**, que se desenvolven dende 1º de ESO ata 4º de ESO, con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente.